

ACTA DO CONSELLO XERAL ORDINARIO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

DATA: 14 de marzo de 2024

LUGAR: Casa do Concello de Narón

CARÁCTER DA SESIÓN E CONVOCATORIA: Sesión xeral, segunda convocatoria.

HORA DE COMEZO: 17:15 h

HORA DE FINALIZACIÓN: 20:15 h

Segundo o punto número catro do artigo 66 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón, *“para a válida constitución do consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros en primeira e un terzo en segunda convocatoria”*. Tras convocar a 34 persoas representantes dos distintos grupos políticos municipais, das asociacións veciñais e consellos territoriais, e do consello sectorial de igualdade, asisten un total de 11 persoas, polo que se celebra o Consello xeral en segunda convocatoria.

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENCIA DO CONSELLO:

- D^a. Olga Ameneiro López, Concelleira de Promoción Económica, Promoción e Xestión de Polígonos Industriais, Participación Cidadá e Cooperación no Ensino e Bibliotecas, en substitución da Sra. Alcaldesa.
- D. Roman Romero Franco, Concelleiro de Facenda e Novas Tecnoloxías.
- D^a. Eva Paola Bermúdez Porras, persoal técnico da Escola de Participación Cidadá do Concello de Narón, no rol da Secretaría do Consello Xeral.

EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

- D. Eugenio Carballeira López, en representación do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- D^a. Germán Castrillón Permuy, en representación do grupo político municipal do Partido Popular (PP)
- D^a. Jorge Ulla, en representación do grupo político municipal do Partido Socialista (PSdeG)

EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS:

- D^a. Josefina Sabín Beceiro, en representación da asociación veciñal Altea de Xuvia.
- D. Javier Freire García, en representación da asociación veciñal da Gándara.
- D^a. María Isabel Mauriz Prieto, en representación da asociación veciñal Virxe de Fátima.
- D. Ramón Francisco Couto Bellas, en representación da asociación veciñal do Couto.
- D. Luis Doce Dopico, en representación da asociación veciñal Ceibe de San Xiao.

EN REPRESENTACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS:

- D. Crisanto Poveda Gallego, en representación do Consello Territorial de A Gándara.

- D. Bruno González Mauriz, en representación do Consello Territorial de Piñeiros.
- D^a. Rocío Coira Fernández, en representación do Consello Territorial de O Val.
- D. Xosé Francisco Roade Servia, en representación do Consello Territorial do Couto.
- D. Javier Varela García, en representación do Consello Territorial de San Xiao.

ORDE DO DÍA

- Benvida e presentación.
- Información sobre o proxecto de Orzamentos para o ano 2024.
- Espazo de diálogo: dúbidas, achegas, etc.
- Peche

DESENVOLVEMENTO

1. - BENVIDA E PRESENTACIÓN.

Olga Ameneiro López, en calidade de Concelleira de Promoción Económica, Promoción e Xestión de Polígonos Industriais, Participación Cidadá e Cooperación no Ensino e Bibliotecas presenta o sentido desta convocatoria e agradece a asistencia.

2. - INFORMACIÓN SOBRE O BORRADOR DOS ORZAMENTOS DO 2024.

Román Romero agradece a asistencia e desculpa os tempos de presentación dos orzamentos deste ano.

Comeza explicando dificultades das administracións locais, como a asunción de competencias, o que implica un maior gasto nos orzamentos e o encarecemento dos custos tanto de persoal como de materiais, o cal provoca que teñan que facer axustes para poder adaptarse ás circunstancias.

Equipara a economía dun Concello á economía familiar, explicando que primeiro deben facer unha previsión dos ingresos para despois poder planificar os gastos.

Explica que os ingresos están divididos por capítulos, e sinala os cambios en relación co ano pasado:

Capítulo 1. IVIS, Plusvalías etc: indica que hai un pequeno incremento da recaudación polo IVI urbano.

Capítulo 3. Imposto do 1,5% das empresas eléctricas: informa do descenso da recaudación debido á baixada do prezo da luz. Tamén inclúe as taxas, prezos públicos e informa que aquí hai un incremento, recuperando as cifras previas á pandemia.

Capítulo 4. Transferencias correntes: Participación do Estado, Xunta de Galicia e Deputación da Coruña. Incremento pola participación do Estado (aportación que axuda en gran medida co orzamento).

Dende a Escola de Participación infórmase de que haberá un espazo dedicado a rogos e preguntas, mais abre un momento para que as persoas asistentes poidan preguntar ou achegar o que consideren pertinente. Dende a representación da asociación veciñal do Couto e a representación do Consello territorial do Val destácase a dificultade de facer un seguimento sen ter acceso a material de apoio que conteña a información, como un documento do borrador ou unha presentación. Román Romero recolle a suxestión e informa que o terá en conta para a próxima presentación. Tamén pregunta se hai algunha pregunta concreta sobre o explicado.

Roman Romero fai un resumo: os ingreoss fanse en función do recaudado do ano pasado, a aportación das outras administracións.

A continuación, pasa ao apartado dos gastos, explicando o aumento dos gastos debido á asunción de competencias que non son propias. A aposta do Concello é a atención das persoas, baseada nos seguintes pilares: persoas maiores, crianzas, deporte e cultura. Pero non hai que obviar que os custos da vida aumentaron, pero non os impostos, o que fai que custe máis.

Capítulo 1. Persoal do Concello: subida polos orzamentos do Estado (+3%) 600.000€

Capítulo 2. Contratos e actividades que fai o Concello: recollida lixo, centros comunitarios, limpeza edificios municipais, gasto eléctrico, pavillón ou piscinas... Supón 19.636.000€. Román lista unha serie de exemplos onde se pode ver o incremento do orzamento, como o incremento de 300.000€ para o SAF, o incremento de 100.000€ para as garderías, 100.000€ para a limpeza dos pavillóns, a actuación no Muíño de Xuvia (apoiada con financiación externa, pero que aínda require a apertura e mantemento), a limpeza dos xardíns, o programa de xestión de expedientes para dixitalizar toda a documentación en papel cuxo orzamento increméntase outros 100.000€ etc.

Capítulo 4. Subvencións, convenios nominativos. Non sufren variación algunha, pero engádese a aportación a Ferrol polo saneamento (400.000€ a Cosma).

Capítulo 6. Inversións

- a. Solicitud dun préstamo de 1 millón de euros para as operacións de crédito destinadas a inversión. Menciónanse as máis destacadas, xa que neste apartado entran dende obras significativas ata mobiliario para o Concello.
 - i. Reposición e pavimento de camiños
 - ii. Mellora e eficiencia enerxética do alumado público, na estrada de Cedeira e polígono Río do Pozo
 - iii. Reposición e peche da Escola da Gándara, pista e accesos
 - iv. Reposición da terraza exterior do local San Xiao
 - v. Adecuación pavillón de Campo de Serra e adecuación dunha pista no Val para hockey sobre patíns
 - vi. Reforma das pistas de atletismo e Río Seco
 - vii. Solución tecnolóxica do xestor de expedientes
 - viii. Adquisición de mesas e cadeiras para ceder ás asociacións
 - ix. Accesibilidade e reforma no Centro Manuela Pérez Sequeiros

- x. Acondiciamento do local social da Gándara
- xi. Reposición do chan do local social de Doso
- xii. Acondicionamento acústico no local social da Solaina
- xiii. Acondicionamento acústico no local social de Altea de Xuvia

Román Romero informa de que este é un borrador, e que pode sufrir modificacións ao longo do ano, así como hai outras cousas non recollidas no borrador que se poden acabar realizando con remanentes.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Dende a asociación Altea de Xuvia informan da sorpresa de saber que está prevista unha actuación no local social de Xuvia, xa que pensaban que xa era unha cuestión sobre a que non se ía actuar. Román Romero informa de que no seu día era unha actuación prevista, pero que por distintos problemas non se puido levar a cabo. Agora está prevista a actuación, que ten un custo de, aproximadamente 67.000€ .

Dende a asociación veciñal de San Xiao pregúntase cando comezarían as obras na terraza do local de San Xiao. Román Romero informa de que aínda hai que levar o documento a Pleno para a súa aprobación, deixar un mes de exposición pública para alegacións, e despois da aprobación final comezaría o proceso de licitación cos seus prazos, e os prazos de execución. O crédito para as obras pode manterse durante dous anos. En caso de non poder facerse a obra este ano, habería ocasión de executala durante o 2025 antes de volver a orzamentar.

Dende a asociación veciñal da Gándara pregúntase en que consiste o acondicionamento do local social da Gándara, ao que Román Romero informa de que se trata de cuestións de accesibilidade. A asociación Narart informa de que teñen solicitado espazo noutro local para poder desenvolver a súa actividade, ao que Olga Ameneiro informa de que é coñecedora desta demanda e que estamos nun proceso de revisar o uso e espazos dos locais sociais para garantir o espazo máis axeitados para as entidades.

Dende a asociación Nosa Señora de Chamorro pregunta polos usos do centro de saúde antigo, lembrando que nalgún momento falouse da posibilidade de que as entidades fixeran uso dese espazo. Román Romero afirma do gran servizo que daría ese espazo, mais tamén da inversión que require ese espazo antes de poder darlle un novo uso. Dende a asociación sinalan o perigo de deixar o edificio abandonado e que o custo de acondicionalo sexa moito peor. Román Romero amosa acordo, mais destaca a gran inversión que require e o favorecedor que sería que outras administracións apoiaran, xa que dende a administración local recae moita inversión noutros servizos como as garderías, o SAF, o parque de bombeiros etc.

Dende a asociación Nosa Señora de Chamorro e o Concello reflexiónase sobre a gran labor das asociacións, tanto do traballo con persoas con discapacidade como no traballo pola Cultura, o Deporte etc. e como asumen, moitas veces de forma desinteresada, o labor que deberían realizar as administracións.

Dende a asociación veciñal do Couto pregunta se xa hai acordo por parte da oposición en relación aos orzamentos. Dende o Concello informa de que están en proceso e pide a colaboración do resto de agrupacións para poder sacar adiante o proxecto.

Dende o Bloque Nacionalista Galego pregúntase polos motivos do adiamento na presentación dos orzamentos, mencionando que se escoitou que podería ser culpa da oposición, mais destacando que aínda que aquí sempre se sacaron a tempo é normal que poida haber retrasos. Tamén pregunta polo motivo de quitar o financiamento de Festas e financiar unicamente unha festa por parroquia. Destaca ademais o dereito a que as asociacións e a oposición manifesten o desacordo coas propostas do Concello. Por último pregunta por unha nova vista na Voz de Galicia que informa de que se ampliaría o paseo fluvial por 13 km máis, chegando ata Pedroso, mais non hai nada relativo a ese proxecto nos orzamentos.

Dende o Concello, Román Romero informa de que non sabe o motivo desa nova, que non é algo que se estea a valorar dende o Concello e non saben de onde saíu a información. Tamén deixa claro que o motivo do retraso dos orzamentos non ten nada que ver coa oposición, se non cunha maior dificultade deste ano por chegar a acordos debido a recortes que era preciso aplicar, xa que dende cada concellería e área quérese desenvolver uns proxectos, pero non se pode levar a cabo todo o proposto. Tamén informa de que os orzamentos retrasados a nivel estatal tamén influenciaron, xa que tiñan previsións, pero non datos precisos sobre os tributos do Estado.

Remata por responder a que é normal que dende as asociacións haxa unha sensación de descontento ao retirar recursos destinados a Festas, e é parte da dificultade de gobernar. Sinala que hai moitos criterios para planificar os orzamentos e que quizais dende as asociacións os criterios poderían ser outros. Dende a asociación Nosa Señora de Chamorro engade que é parte da dificultade.

Dende o Partido Popular sinala que tamén esperan que o Concello queira colaborar coas propostas da oposición. Sinala que as realizadas polo Partido Popular son moi razoables. Sinala tamén que hai gastos do Concello que son responsabilidade do Concello, como ter que asumir o parque de bombeiros, xa que de facelo de xeito coordinado con outros Concellos abarataríanse custos. Destaca que o Concello pode cometer erros, igual que a oposición, pero que se van notar máis cando veñen de quen goberna. Remata con que o Partido Popular están dispostos a conversar e chegar a acordos, que para isto hai outros espazos tamén, pero que dende o goberno teñen que ceder tamén, escoitando á oposición, e tamén ás asociacións.

Dende o Concello, Olga Ameneiro sinala que o custe do parque de bombeiros era un exemplo, e que efectivamente hai espazos para poder debater e chegar a acordos e agradece o seu comentario e disposición.

Dende a asociación Altea de Xuvia pregunta por que non sinalou inversións destinadas aos centros educativos, xa que algúns, como o caso do colexio de Xuvia, teñen grandes problemas e precisan financiamento. No caso do colexio de Xuvia destaca que fíltrese a auga a través do tellado cando chove, que non está operativa nin a aula que se emprega para o servizo de Madrugadores nin a Biblioteca, que leva uns 8 anos sen poder empregarse, o pavillón tamén está moi mal, xa que a cuberta está en moi mal estado. Sinala que o mantemento é mínimo e insuficiente.

Dende o Concello, Román Romero informa de que os datos que ofreceu son datos das licitacións, o mantemento dos colexios non teñen un contrato específico, pero si forman parte das partidas de servizos externos, e destínanse moitos cartos. Pero como pode ser que dende a Xunta de Galicia fagan un convenio con Ferrol para reparar os centros escolares e non haxa ningún acordo con Narón. Dende a asociación destaca que en Ferrol teñen Servizo de Madrugadores, Comedor e actividades

gratuítas para nenos e nenas, e Valdoviño tamén asume outros servizos sendo un Concello máis pequeno. Román Romero informa que o colexio Ponte de Xuvia non ten un problema de mantemento, precisa unha reforma integral que depende única e exclusivamente da Xunta. Informa de que o estado é deplorable, pero que dende o Concello non se pode asumir iso, xa que a competencia da administración local é o mantemento básico.

Dende a asociación SC Areosa engade que se hai unha función da Xunta de Galicia que non está a cumprir, deberíase reclamar á Xunta a través das persoas representantes do Parlamento, non ao Concello. O Concello pode facer de mediador, pero deberíamos reclamar ás persoas que votamos nas autonómicas, igual que cando temos problemas co sistema sanitario, temos que reclamar ao Sergas, non ao concelleiro de Sanidade da administración local. Dende a asociación veciñal de San Xiao discrepa con esta reflexión, xa que pensa que a administración local é a máis próxima á cidadanía e a que ve como están as estradas, como están os colexios etc. Olga Ameneiro completa que aínda que non vexamos todo o que pasa no Concello, non significa que non estea pasando e engade información sobre unha cuestión que saíu no Consello territorial de San Xiao sobre problemas coas obras dunha estrada e a necesidade de mediación cun veciño, informando que xa pasou noutros momentos e que o Concelleiro de Obras e a Alcaldesa xa estiveron mediando para atopar unha solución viable.

Olga Ameneiro inclúe que o que explicou Román Romero foron os datos máis destacables, mais hai máis actuacións, como as destinadas ao mantemento dos centros educativos, que vai na partida de Servizos Externos. Informa de que a situación de moitos centros educativos do Concello é crítica: O Ponte de Xuvia, o da Solaina, o da Gándara etc. mais dende o Concello están traballando para que esa situación tan preocupante mellore, porque están a falar das nenas e nenos do Concello. En relación aos servizos de mantemento, existen partes de traballo que se poden consultar cando se fixo. Informa de que agora mesmo o colexio precisa un mantemento, pero que deben esperar a que as condicións melloren, pero si que hai un mantemento, e pódese aumentar a frecuencia se é preciso.

Dende a Escola de Participación convídase á veciñanza a propoñer outros espazos de encontro para abordar temáticas en concreto, como a situación dos centros educativos, o estado das Estradas da Deputación, e ofrécese á Escola de Participación para facilitar os espazos que se precisen.

Olga Ameneiro pecha o consello desculpando a falta de material de apoio ao non levar a presentación, e queda a disposición de toda a veciñanza para o que precisen, destacado a vontade do Concello en facer que as cousas melloren para o conxunto da veciñanza de Narón.

Visto e praxe,

A Presidencia do Consello Xeral de Participación Cidadá, D^a. Olga Ameneiro López, Concelleira de Promoción Económica, Promoción e Xestión de Polígonos Industriais, Participación Cidadá e Cooperación no Ensino e Bibliotecas, en substitución da Sra. Alcaldesa.

A Secretaría do Consello de Xeral de Participación Cidadá, Eva Paola Bermúdez Porras, persoal técnico da Escola de Participación Cidadá.